





añá

lise

de conglomerados
de comarcas

4.1

consideracións previas

A modo de síntese do capítulo anterior, vanse establecer tipos de comarcas en función dos valores que toman os diversos indicadores empregados para describir o contexto do mercado laboral.

Para a consecución deste obxectivo, foi preciso realizar unha dobre operación:

1. A selección dos indicadores máis significativos en función da súa capacidade para reflectir diferenzas entre as distintas comarcas. Previamente, tomáronse en consideración 206 indicadores que sinalaban diferentes aspectos da situación do mercado laboral para un ano concreto, podendo tomar valores absolutos ou relativos en función da natureza do indicador. Para efectuar a operación de selección, empregouse a análise estatística do método de compoñentes principais.
2. A elaboración de tipoloxías de comarcas segundo unha análise de conglomerados bietápica a través do método de K-medias. Os conglomerados son agrupacións de comarcas que se caracterizan por ter unha certa homoxeneidade interna e asemade claras diferenzas entre si.

Algunhas consideracións previas sobre a análise de conglomerados van axudar a entender a lóxica que inspira o seu deseño. En primeiro lugar, os conglomerados constitúense a partir das puntuacións centrais dos indicadores que se tomen en consideración (centros dos conglomerados).

En segundo lugar, a influencia dos indicadores na constitución dos conglomerados non vai ser a mesma, xa que canto maior sexa o rango ou percorrido que tome o indicador maior incidencia terá na configuración do conglomerado. Esta é a situación dos indicadores que miden valores absolutos (poboación, demandantes parados, contratados...) tendo en conta as grandes distancias que se obteñen entre os valores mínimos e máximos.

En terceiro lugar, as comarcas incluídas en cada conglomerado sitúanse a diferentes distancias dos centros. Aquelas comarcas que estean máis próximas aos centros do conglomerado responderán en maior medida aos trazos que o caracterizan, en tanto que as que están a maior distancia responderán en menor medida a estas características. En calquera caso, aínda estando lonxe do centro do conglomerado de pertenza, a comarca sempre responderá en maior medida ás características do seu conglomerado que ás dos outros.

4.2

**diseño e configuración
dos conglomerados**

As fases establecidas para elaborar os conglomerados de comarcas foron os seguintes:

1ª. Selección de indicadores a través do método de compoñentes principais

Esta técnica estatística vai permitir reducir o número de indicadores para establecer os conglomerados. A redución do número de indicadores é necesaria por dúas razóns:

- Pola existencia de información redundante nos indicadores previamente seleccionados debido aos importantes niveis de correlacións entre eles. Esta circunstancia provoca que algúns dos indicadores sexan pouco significativos para a configuración dos conglomerados de comarcas.
- Canto menor sexa o número de indicadores maior será a cohesión interna do conglomerado da comarca e maior a diferenciación entre conglomerados.

Na realización da análise a través do método de compoñentes principais seguíronse os seguintes pasos:

- Elaboración dunha matriz con 206 indicadores como base para a selección dos máis significativos. Estes indicadores estaban distribuídos entre os catro ámbitos tratados ao longo do informe: demográfico, socioeconómico, demandas de traballo e contratación.
- Análise da matriz de correlacións para ver o grao de correlación das variables. Entre os 206 preseleccionados observouse un alto grao de correlación e, polo tanto, dada a súa redundancia, decidiuse reducir ese número.

- Análise da matriz de compoñentes principais. Os compoñentes principais son factores que relacionan os indicadores entre si e caracterizan dunha forma sintética os trazos dun determinado número de comarcas. Nun primeiro momento intentouse seleccionar as compoñentes principais, pero, posto que a gran maioría dos indicadores aparecían concentrados en dúas compoñentes e imposibilitaba unha explicación razoable, optouse por seleccionar os indicadores máis relevantes á hora de configurar as compoñentes principais.
- Na matriz de compoñentes principais tomouse en consideración o valor dos coeficientes factoriais para cada un dos 206 indicadores iniciais. Os coeficientes factoriais poden adoptar valores comprendidos entre -1 e 1; canto máis próximo estea dos valores extremos maior nivel de correlación existirá entre o indicador inicial e a compoñente principal: se é -1, a correlación será claramente negativa e, se é 1, será positiva.
- Para cada indicador escolleuse o coeficiente factorial que tomou valores máis extremos, independentemente da compoñente principal onde se situase.
- Os indicadores significativos foron aqueles que obtiveron coeficientes factoriais situados entre os intervalos (-1, -0,59) ou (0,59, 1), dado que os valores situados por debaixo deste intervalo de referencia teñen pouco carácter explicativo a un nivel global.
- Finalmente, e como resultado da aplicación do método de compoñentes principais, foron seleccionados un total de 92 indicadores. A continuación reflíctese a súa distribución segundo o ámbito de estudo.

Indicadores preseleccionados e seleccionados segundo o ámbito de estudo

	Preseleccionados		Seleccionados	
	Número	Peso relativo	Número	Peso relativo
Demográfico	25	12,1	18	19,6
Socioeconómico	65	31,6	18	19,6
Demandas	52	25,2	26	28,3
Contratación	64	31,1	30	32,6
Total	206	100,0	92	100,0

Indicadores do ámbito demográfico

Poboación total	Inmigración total
Poboación menor 16 anos	Emigración externa
Poboación de 16 a 64 anos	Emigración interna
Poboación maior de 64 anos	Inmigración externa
Idade media	Inmigración interna
Índice de dependencia senil	Poboación total 2017
Índice de dependencia xuvenil	Poboación menores 16 anos 2017
Índice de envellecemento	Poboación 16-64 anos 2017
Emigración total	Poboación maior 64 anos 2017

Indicadores do ámbito socioeconómico

Renda familiar dispoñible	Empresas industria de produtos alimentarios
Empresas totais	Empresas actividades diversas servizos persoais
Asalariados totais	Asalariados outras actividades empresariais
Autónomos totais	Asalariados educación
Empresas outras actividades empresariais	Asalariados industria de produtos alimentarios
Empresas construción	Autónomos outras actividades empresariais
Empresas hostalaría	Autónomos construción
Empresas comercio por xunto	Autónomos actividades sanitarias
Empresas educación	Autónomos educación

Indicadores do ámbito de demandas

Demandantes totais	Demandantes parados menos de 6 meses
Demandantes 16-25 anos	Demandantes parados de 6 a 12 meses
Demandantes 36-45 anos	Demandantes parados máis dun ano
Demandantes 46-55 anos	Demandantes parados educación obrigatoria
Demandantes maiores 55 anos	Demandantes parados bacharelato
Demandantes menos de 6 meses	Demandantes parados universitarios
Demandantes de 6 a 12 meses	Demandantes parados outras actividades empresariais
Demandantes de máis dun ano	Demandantes parados construción
Demandantes educación obrigatoria	Demandantes parados comercio polo miúdo
Demandantes bacharelato	Demandantes parados actividades diversas servizos persoais
Demandantes universitarios	Demandantes parados actividades sanitarias
Demandantes parados totais	Demandantes parados industria de produtos alimentarios
Demandantes parados máis 55 anos	Demandantes parados pesca e acuicultura

Indicadores do ámbito da contratación

Contratos totais	Taxa contratación indefinida menores 26 anos
Contratos menores 26 anos	Taxa rotación
Contratos 26-35 anos	Taxa rotación homes
Contratos 36-45 anos	Taxa rotación mulleres
Contratos 46-55 anos	Taxa rotación menores 26 anos
Contratos máis 55 anos	Taxa rotación 26-35 anos
Contratos indefinidos tempo parcial	Taxa rotación 36-45 anos
Contratos temporais tempo parcial	Taxa rotación 46-55 anos
Contratados totais	Taxa rotación maiores 55 anos
Contratados homes	Contratados outras actividades empresariais
Contratados mulleres	Contratados comercio por xunto
Contratados indefinidos tempo parcial	Contratados comercio polo miúdo
Contratados temporais tempo parcial	Contratados industria de produtos alimentarios
Taxa mobilidade contratos	Contratados Administración pública
Taxa contratación indefinida maiores 55 anos	Contratados educación

2ª. Configuración dos conglomerados de comarcas

Unha vez seleccionados os indicadores, procedeuse a realizar unha análise de conglomerados a través do método estatístico de K-medias. Os pasos seguidos para a súa realización son:

- Elaboración da matriz cos 92 indicadores seleccionados a través do método de compoñentes principais.
- Realización de probas estatísticas para elixir un número de conglomerados que sirva para estruturar e caracterizar o mercado laboral galego.

Nunha primeira fase da análise obtivéronse catro conglomerados que permitían a realización de agrupacións significativas por comarcas. Porén, un dos catro conglomerados concentraba un número


moi alto de comarcas, 36, co que se perdía alcance explicativo global ao agochar as diferenzas internas que se producían.

Por outra banda, o efecto de repetir a operación coa totalidade das comarcas galegas non redundaría nunha maior segmentación, debido a que as distancias con respecto aos centros nos outros conglomerados marcan un diferencial moi superior ao que ocorre nas mencionadas 36 comarcas.

A solución, pois, foi establecer unha segunda fase onde se traballou especificamente o conglomerado máis numeroso co fin de realizar unha análise estatística parcial e acadar, deste xeito, unha maior diferenciación comarcal que nos permita obter unha división territorial máis precisa e diferenciadora da realidade local.

A consecuencia desta operación, e conxugando os resultados da primeira e segunda etapa, obtívose un total de cinco conglomerados.

Mapa 33: Comarcas por conglomerados. Síntese final.



Fonte: Elaboración propia.

O mapa anterior define as comarcas englobadas en cada conglomerado. Os conglomerados 1 e 2 distribúense entre comarcas claramente urbanas, o que incidirá na presenza de tendencias comúns, aínda que con diferenzas substantivas entre ambos. O conglomerado 3 vaise situar nunha posición intermedia ao presentar pautas de diferenciación claras tanto cos conglomerados 1 e 2 como cos 4 e 5. Os conglomerados 4 e 5 están asentados sobre comarcas rurais e teñen certas semellanzas nos seus trazos básicos, aínda que os indicadores de dimensión dos mercados laborais e a acentuación dalgunha das tendencias compartidas introduce diferenciacións que aconsellan manter esta división en dous conglomerados.

Antes de continuar co comentario das características dos distintos conglomerados é destacable sinalar a importancia desigual dos indicadores na súa configuración. Para explorar a súa importancia relativa emprégase a proba F da táboa de análise de varianza. Tomando como referencia este valor, hai que sinalar que os indicadores expresados en valores absolutos favorecen a presenza de maiores diferenzas entre os diferentes conglomerados debido ao seu maior rango de valores. Entre estes indicadores cabe citar os seguintes:

- Asalariados totais
- Contratados totais
- Empresas totais
- Poboación total 2017
- Autónomos totais
- Inmigración externa
- Poboación total
- Contratos totais
- Emigración externa
- Emigración total
- Demandantes parados totais
- Demandantes totais
- Inmigración total

O resto de indicadores teñen unha relevancia menor, aínda que introducen diferenzas importantes.

Ademais, hai comarcas que se sitúan máis lonxe do perfil medio sinalado para o seu conglomerado de pertenza, como sucede cos casos das de Santiago ou O Morrazo con respecto aos conglomerados 2 e 3. Non obstante, hai que facer notar que no caso de Santiago as diferenzas son notablemente maiores con respecto aos conglomerados máis próximos, 1 e 3, igual que sucede para O Morrazo en relación cos conglomerados 2 e 4.

4.3

**características dos
conglomerados**

As características dos conglomerados van estar en función dos indicadores tomados como referencia para a súa constitución. Cada indicador toma un valor de referencia que se constitúe nun dos múltiples centros que ten cada conglomerado. Para

unha mellor lectura das súas características vanse indicar os seus principais trazos para, nun apartado posterior, a modo de consulta, presentar os valores dos indicadores de referencia.

Conglomerado 1

Comarcas: Vigo e A Coruña.

Características

- Ten a dimensión máis alta de todos os conglomerados, tanto en canto a volume de poboación presente e futura como no referente a contratos, contratados, demandantes, demandantes parados, empresas, asalariados e autónomos.
- Prodúcese os maiores movementos migratorios tanto se os medimos en termos absolutos como se tomamos como referencia o seu peso relativo sobre a poboación total. Por outra parte, os saldos migratorios son positivos, posto que os valores de referencia das inmigracións son superiores aos das emigracións, sobre todo no ámbito externo.
- Conta co maior nivel de renda familiar dispoñible de todos os conglomerados. Porén, as diferenzas que se producen neste indicador son moi pequenas, detectándose unha certa homoxeneidade nos niveis de renda.
- Ten o nivel de envellecemento máis baixo de todos os conglomerados. Alcanza os valores máis altos na poboación menor de 16 anos, tanto na actual como na prevista para 2017, e os valores máis baixos na poboación maior de 64 anos, na idade media, índice de envellecemento e dependencia senil.
- Presenta o nivel máis alto de contratación de menores de 26 anos e o máis baixo na contratación a maiores de 55 anos do conxunto de conglomerados. Os demandantes parados maiores de 55 anos teñen unha presenza relativa maior que nos conglomerados 2 e 3.
- A contratación masculina está por riba da feminina a un nivel máis alto que no conglomerado 2.
- Os demandantes de curta duración na solicitude de emprego sitúanse por riba dos de longa duración, estean ou non en busca de emprego, aínda que as distancias son menores que nos conglomerados 2 e 3.
- Independentemente da súa situación laboral, os demandantes de emprego teñen un maior nivel formativo que nos conglomerados 3, 4 e 5, debido á maior presenza dos que contan con estudos de bacharelato e universitarios.
- Concentra os maiores niveis de contratación temporal a tempo parcial.
- Presenta os menores niveis de mobilidade contractual.
- Ten as taxas de rotación de contratos máis altas de todas as comarcas, independentemente do xénero ou idade que se tome en consideración, o que está combinado coas taxas máis baixas de contratación indefinida, sobre todo entre o colectivo de menores de 26 anos.
- Dentro das actividades económicas destaca, en maior medida que no resto de conglomerados, a magnitude doutras actividades empresariais, sobre todo no referido a demandantes parados e contratados. Tamén destacan as actividades de comercio polo miúdo, especialmente no peso de demandantes parados, e comercio por xunto cunha presenza importante de empresas. A importancia da construción entre os demandantes parados é notablemente menor á que se produce para os restantes conglomerados.

Conglomerado 2

Comarcas: Santiago, Pontevedra, Ferrol, Lugo, Ourense e O Salnés.

Características

- Valores máis altos que nos conglomerados 3, 4 e 5 dos indicadores de dimensión sobre poboación, tecido empresarial, demandas e contratación. Esta circunstancia é debida sobre todo á inclusión de núcleos claramente urbanos nas diversas comarcas que configuran este conglomerado, coa excepción do Salnés, aínda que é unha zona densamente poboada.
- Notables movementos migratorios, aínda que a súa incidencia é substancialmente menor que no caso do conglomerado 1. Os saldos migratorios son positivos dado que os valores de referencia das inmigracións son superiores aos das emigracións, dunha maneira algo máis marcada no ámbito externo.
- Ten o segundo nivel de renda familiar dispoñible máis alto, por detrás do conglomerado 1.
- No factor idade, os valores de referencia están moi próximos aos do conglomerado 1, sobre todo no tocante á poboación menor de 16 anos. Aínda así, ten unha maior tendencia cara ao envellecemento que o anterior conglomerado, apreciable especialmente no maior índice de envellecemento e de dependencia senil.
- Posúe os valores máis baixos de todos os conglomerados de demandantes maiores de 55 anos, estean ou non en busca de emprego. Os contratados desta idade tamén alcanzan un valor baixo, aínda que non tanto como no conglomerado 1.
- Os niveis de contratación feminina están máis próximos aos da masculina que en calquera outro conglomerado.
- Os demandantes de curta duración sitúanse por riba dos de longa duración, cunha distancia maior que nos conglomerados 1, 4 e 5, pero menor que no 3.
- Ten a maior presenza de demandantes parados con estudos universitarios. Tamén destacan os valores dos que contan estudos de bacharelato, aínda que están por debaixo dos niveis do conglomerado 1.
- Sen destacar tanto como no conglomerado 1, os valores de contratación temporal a tempo parcial son moi apreciables.
- Ten unha taxa de mobilidade da contratación baixa en comparación cos outros conglomerados. As taxas de contratación indefinida a menores de 26 anos e maiores de 55 son baixas, non así as taxas de rotación de contratos que se sitúan por riba dos valores alcanzados polos conglomerados 3, 4 e 5.
- As outras actividades empresariais teñen unha importancia maior que nos conglomerados 3, 4, e 5, malia que perden peso en relación co conglomerado 1, sobre todo ao tomar como referencia a proporción de contratados e asalariados. A actividade de comercio polo miúdo ten unha importancia notable, similar ao do conglomerado 1, dentro da contratación e dos demandantes parados. A actividade da construción ten un peso menor que nos conglomerados 3, 4 e 5, aínda que é algo maior que no conglomerado 1.

Conglomerado 3

Comarcas: A Terra Chá, Betanzos, Ordes, Bergantiños, Deza, Barbanza, O Morrazo, O Condado e O Baixo Miño.

Características

- Ten unha dimensión intermedia, atopándose máis preto dos valores dos indicadores de dimensión do conglomerado 4 que do 2.
- Os fluxos migratorios son máis baixos que nos conglomerados 1 e 2, e o seu saldo é positivo. Destacan en maior medida os movementos internos que os externos. Os dous tipos de fluxos alcanzan saldos positivos, sobre todo o segundo.
- A tendencia cara ao envellecemento é netamente máis clara que nos conglomerados 1 e 2, apreciable sobre todo no aumento do índice de dependencia senil e no de envellecemento.
- Ten o nivel de renda familiar dispoñible máis baixo de todo os conglomerados, aínda que as distancias con respecto aos outros valores de referencia son relativamente baixas.
- A contratación masculina acada maiores diferenzas con respecto á contratación feminina que nos conglomerados 1 e 2, e en niveis máis baixos que no 4 e 5.
- As distancias entre demandantes de curta duración e longa duración son maiores que ás do resto dos conglomerados debido aos valores máis altos dos primeiros.
- Ten o valor máis alto de demandantes de emprego con educación obrigatoria e, reflicte un descenso da presenza relativa, en relación co conglomerado 1 e 2, dos que contan con bacharelato ou estudos universitarios.
- A contratación temporal a tempo parcial perde importancia se a comparamos cos niveis dos conglomerados 1 e 2.
- Importante nivel de mobilidade da contratación, só superado pola que se produce no conglomerado 5. A contratación indefinida entre os menores de 26 anos aumenta notablemente en relación cos conglomerados 1 e 2. As taxas de rotación dos contratos sitúanse nun punto intermedio entre os dous primeiros conglomerados e os dous últimos.
- Descende a importancia relativa doutras actividades empresariais con respecto aos conglomerados 1 e 2, e aumenta notablemente o peso relativo da construción en empresas e autónomos e demandantes parados. A unha certa distancia destas dúas actividades, cómpre salientar a maior presenza relativa da industria de produtos alimentarios, alcanzándose os maiores valores do conxunto de conglomerados. En relación cos conglomerados 1 e 2 perde peso a actividade de comercio polo miúdo.

Conglomerado 4

Comarcas: A Mariña Central, A Mariña Occidental, Eume, Fisterra, Noia, Caldas, Tabeirós-Terra de Montes, O Carballiño, Sarria, Terra de Lemos, Valdeorras, A Limia e Verín.

Características

- Ten uns valores baixos en todos os indicadores de dimensión, tan só superados polo conglomerado 5, tanto no ámbito demográfico como empresarial, en demandas de traballo ou contratación.
- Movementos migratorios de escasa entidade comparados cos conglomerados 1 e 2, e saldo migratorio global positivo. Esta última circunstancia prodúcese tanto se tomamos en consideración os movementos internos como externos.
- Tendencia forte cara ao envellecemento, onde só é superado polo conglomerado 5; as porcentaxes de poboación maior de 64 anos sitúase por riba dunha cuarta parte da poboación. Prodúcese unha acentuación dos valores dos índices de dependencia senil e envellecemento.
- O nivel de renda familiar dispoñible sitúase nunha posición intermedia entre os conglomerados coa renda máis alta, 1 e 2, e máis baixa, 3 e 5.
- Prodúcese unha maior presenza de demandantes maiores de 55 anos que nos conglomerados 1, 2 e 3.
- Ten as maiores diferenzas de todos os conglomerados entre as porcentaxes de contratación masculina e feminina a favor da primeira.
- As distancias entre os demandantes de emprego de longa duración e os de curta duración son bastante menores que nos conglomerados 1, 2 e 3.
- Presenza importante dos demandantes de emprego con educación obrigatoria e menor presenza relativa que nos conglomerados 1 e 2 dos que contan con bacharelato ou estudos universitarios.
- Incidencia baixa da contratación temporal a tempo parcial en relación cos valores alcanzados polo conglomerado 1 e 2.
- A mobilidade da contratación sitúase nunha posición intermedia no conxunto dos conglomerados, dado que é maior que nos conglomerados 1 e 2 pero menor que nos 3 e 5.
- Posúe os maiores niveis de contratación indefinida de menores de 26 anos e maiores de 55 anos do conxunto dos conglomerados. A taxa de rotación da contratación é das máis baixas, só superada polo conglomerado 5, ascendendo moi levemente o seu valor entre as mulleres.
- Presenza máis marcada das actividades da construción e descenso da importancia relativa das actividades de comercio polo miúdo e outras actividades empresariais, sobre todo si o comparamos cos valores alcanzados polos conglomerados 1 e 2. Importante peso relativo das empresas de hostalaría, só superado polos valores alcanzados no conglomerado 5.

Conglomerado 5

Comarcas: Ortegal, A Mariña Oriental, Meira, A Fonsagrada, Os Ancares, A Ulloa, Chantada, Quiroga, Terra de Caldelas, Terra de Trives, Viana, Allariz-Maceda, Terra de Celanova, Baixa Limia, O Ribeiro, A Paradanta, Terra de Melide, Arzúa, O Sar, A Barcala, Xallas, Muros e Terra de Soneira.

Características

- Os indicadores de dimensión teñen os valores máis baixos de todos os conglomerados.
- Ten o nivel máis baixo de fluxos migratorios. O saldo migratorio global é positivo debido fundamentalmente ao saldo externo, dado que o que se produce con outras comarcas, interno, é negativo.
- A tendencia ao envellecemento é máis marcada que no resto de conglomerados. A idade media sitúase por riba dos 50 anos e alcanza fortes valores nos índices de envellecemento e dependencia senil. A proxección da poboación maior de 64 anos para 2017 acentúa a tendencia ao envellecemento no medio prazo.
- Nivel de renda familiar dispoñible levemente máis baixo que no conglomerado 4.
- Obtén os maiores niveis do conxunto de conglomerados de contratados maiores de 55 anos. Tamén se producen maior presenza de demandantes maiores de 55 anos, independentemente da súa situación laboral.
- A diferenza entre a contratación masculina e feminina que se produce a favor da primeira tan só é superada polo conglomerado 4.
- E no único conglomerado onde os demandantes parados de longa duración se sitúan por riba dos de curta duración.
- Ten os menores niveis de demandantes con estudos universitarios e bacharelato de todos os conglomerados.
- A contratación temporal a tempo parcial ten a menor presenza relativa, tanto se a analizamos desde os contratos como desde as persoas contratadas.
- Ten a taxa de mobilidade de contratos máis alta e conta coa taxa máis baixa de contratación indefinida de maiores de 55 anos. As taxas de rotación da contratación son as máis baixas de todos os conglomerados, tanto en función do xénero como da idade.
- E o conglomerado en que acada maior importancia relativa a actividade da construción, sobre todo entre demandantes parados. En cambio, alcanza os valores menores noutras actividades empresariais e comercio polo miúdo. A presenza de empresas en hostalaría e de contratados nas actividades vinculadas á Administración pública é máis forte que no resto dos conglomerados.

4.4

**Valores dos indicadores
de referencia**

Indicadores de dimensión. 2007. Valores absolutos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Poboación total	401.320,5	135.324,2	53.243,4	29.170,2	13.023,7
Poboación total 2017	420.698,0	133.006,3	52.467,9	28.348,5	12.102,2
Empresas totais	19.870,0	6.391,6	2.017,5	1.090,0	423,8
Asalariados totais	171.219,3	48.138,1	11.839,3	6.433,1	2.358,1
Autónomos totais	27.637,8	9.118,8	3.639,3	1.964,4	855,6
Demandantes totais	29.403,5	10.244,8	3.494,2	2.014,8	772,4
Demandantes parados totais	22.820,0	7.682,2	2.777,2	1.520,5	611,0
Contratos totais	181.963,5	47.115,3	12.228,0	5.378,6	1.653,9
Contratados totais	89.727,5	25.277,8	7.164,3	3.673,5	1.254,3

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores migratorios. 2006. Valores absolutos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Emigración total	13.404,5	4.718,7	1.414,9	909,2	395,5
Inmigración total	16.685,5	5.737,7	1.720,7	1.041,5	415,2
Emigración interna	9.561,5	3.358,5	1.031,7	631,3	292,3
Inmigración interna	9.666,0	3.627,7	1.046,4	566,4	243,9
Emigración externa	3.843,0	1.360,2	383,2	277,8	103,2
Inmigración externa	7.019,5	2.110,0	674,2	475,1	171,3

Fonte: Elaboración propia.

Indicador de renda familiar dispoñible. 2005. Valor absoluto.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Renda familiar dispoñible	11.756,0	11.728,5	10.501,2	11.190,9	11.069,0

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores xeracionais. 2006 e 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Poboación menor 16 anos	13,3	13,0	12,1	10,4	8,3
Poboación de 16 a 64 anos	69,4	67,3	65,4	62,8	59,0
Poboación maior de 64 anos	17,3	19,7	22,5	26,8	32,7
Idade media	42,0	43,0	44,3	47,0	50,5
Índice de envellecemento	100,6	116,4	145,0	193,2	296,8
Índice de dependencia xuvenil	26,2	26,9	26,4	24,2	21,0
Índice de dependencia senil	26,2	30,9	36,8	45,8	59,5
Poboación menores 16 anos 2017	14,3	13,5	13,1	11,7	10,1
Poboación 16-64 anos 2017	64,8	63,6	62,8	60,2	56,9
Poboación maior 64 anos 2017	20,9	22,8	24,0	28,1	33,0

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores da estrutura etaria da poboación potencialmente activa. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Demandantes 16-26 anos	11,3	14,1	13,7	12,8	11,7
Demandantes 36-45 anos	21,9	22,0	23,0	21,7	22,2
Demandantes 46-55 anos	21,3	19,1	19,2	21,6	21,5
Demandantes maiores 55 anos	19,3	16,7	17,4	20,0	22,8
Demandantes parados máis 55 anos	18,6	15,7	17,6	19,5	23,5
Contratos menores 26 anos	32,6	30,8	29,3	27,6	25,6
Contratos 26-35 anos	38,0	36,9	33,3	34,0	31,3
Contratos 36-45 anos	18,2	19,5	22,0	21,8	23,2
Contratos 46-55 anos	8,7	10,0	12,2	12,9	14,6
Contratos máis 55 anos	2,5	2,8	3,1	3,7	5,3

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores de xénero. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Contratados homes	54,5	52,8	57,9	58,9	58,4
Contratados mulleres	45,5	47,2	42,1	41,1	41,6

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores de duración das demandas de traballo. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Demandantes menos de 6 meses	46,3	47,8	48,6	44,9	44,3
Demandantes de 6 a 12 meses	13,9	14,3	14,7	14,3	14,2
Demandantes de máis dun ano	39,8	37,9	36,7	40,8	41,6
Demandantes parados menos de 6 meses	45,1	46,8	46,6	44,0	41,9
Demandantes parados de 6 a 12 meses	14,2	14,7	15,1	14,9	14,6
Demandantes parados máis dun ano	40,7	38,5	38,3	41,1	43,5

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores de nivel de estudos. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Demandantes educación obrigatoria	30,2	28,8	32,5	30,3	27,7
Demandantes bacharelato	11,8	11,1	7,3	7,8	7,2
Demandantes universitarios	11,9	13,8	7,4	7,7	6,6
Demandantes parados educación obrigatoria	30,6	28,4	32,7	30,4	27,7
Demandantes parados bacharelato	11,3	10,6	7,0	7,5	6,6
Demandantes parados universitarios	11,1	12,8	6,6	7,1	6,0

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores da contratación a tempo parcial. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Contratos indefinidos tempo parcial	2,1	2,2	1,9	1,9	2,0
Contratos temporais tempo parcial	25,6	21,2	15,4	14,3	13,6
Contratados indefinidos tempo parcial	3,6	3,4	2,6	2,6	2,4
Contratados temporais tempo parcial	24,2	21,1	16,1	15,6	14,2

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores de temporalidade e mobilidade da contratación. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Taxa mobilidade contratos	37,7	48,0	62,3	58,8	69,3
Taxa contratación indefinida menores 26 anos	8,3	9,9	12,0	12,8	12,7
Taxa contratación indefinida maiores 55 anos	14,1	14,1	15,4	16,5	13,8
Taxa rotación	2,0	1,8	1,6	1,4	1,3
Taxa rotación homes	1,9	1,7	1,6	1,3	1,2
Taxa rotación mulleres	2,0	1,8	1,6	1,6	1,3
Taxa rotación menores 26 anos	2,0	1,7	1,5	1,4	1,3
Taxa rotación 26-35 anos	1,9	1,8	1,6	1,4	1,3
Taxa rotación 36-45 anos	1,9	1,8	1,6	1,4	1,3
Taxa rotación 46-55 anos	2,0	1,8	1,6	1,4	1,3
Taxa rotación maiores 55 anos	1,7	1,6	1,5	1,2	1,3

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores da presenza das actividades doutras actividades empresariais e construción. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Contratados outras actividades empresariais	22,0	15,6	9,5	8,1	6,0
Demandantes parados outras actividades empresariais	17,3	16,0	8,8	9,2	9,2
Empresas outras actividades empresariais	8,7	7,1	3,9	4,1	2,9
Asalariados outras actividades empresariais	13,0	7,3	2,8	3,0	1,4
Autónomos outras actividades empresariais	9,4	7,0	4,0	3,5	2,6
Demandantes parados construción	7,3	9,0	12,2	12,5	15,8
Empresas construción	10,9	13,7	20,6	18,1	18,2
Autónomos construción	12,9	16,2	20,4	20,7	21,7

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores da presenza das actividades industria de produtos alimentarios e pesca e acuicultura. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Contratados industria de produtos alimentarios	1,6	2,6	4,1	2,5	3,3
Demandantes parados industria de produtos alimentarios	2,8	3,7	5,4	3,3	3,5
Empresas industria de produtos alimentarios	1,1	1,6	2,5	2,5	3,4
Asalariados industria de produtos alimentarios	2,1	2,8	6,0	3,0	3,8
Demandantes parados pesca e acuicultura	1,1	0,8	2,4	1,5	1,0

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores da presenza das actividades de comercio polo miúdo, comercio por xunto e hostalaría. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Contratados comercio polo miúdo	8,8	10,3	7,0	6,7	5,6
Demandantes parados comercio polo miúdo	10,1	9,2	7,7	7,4	5,4
Contratados comercio por xunto	4,8	4,0	4,3	3,7	2,9
Empresas comercio por xunto	8,0	5,3	4,8	4,4	4,0
Empresas hostalaría	8,5	10,4	9,9	10,4	11,4

Fonte: Elaboración propia.

Indicadores da presenza das actividades da administración pública, educación, actividades sanitarias e actividades diversas de servizos persoais. 2007. Valores relativos.

Variable	Conglomerado				
	1	2	3	4	5
Contratados Administración pública	2,0	4,6	4,8	7,1	13,6
Contratados educación	3,3	3,1	1,5	3,2	2,0
Empresas educación	2,0	1,9	1,3	1,5	0,8
Asalariados educación	3,3	3,0	1,5	2,1	1,1
Autónomos educación	2,1	2,1	1,4	1,4	0,7
Demandantes parados actividades sanitarias	2,9	3,6	2,3	2,9	2,9
Autónomos actividades sanitarias	3,1	3,2	1,8	1,6	1,5
Demandantes parados actividades diversas servizos persoais	2,9	1,8	2,4	1,7	1,6
Empresas actividades diversas servizos persoais	3,4	3,3	3,0	2,7	1,8

Fonte: Elaboración propia.